



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O COLEXIO DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS AGRÍCOLAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA (EN DIANTE COETAAC), PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

En Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte [REDACTED] Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

doutra, [REDACTED] Presidente do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, nomeado por elección na Asemblea xeral ordinaria do COETAAC, realizada o 17 de decembro de 2011, actuando en nome e representación do COETAAC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 16 dos Estatutos Xerais dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de España e o seu Consello Xeral (aprobados polo Real Decreto 2772/1978, do 29 de setembro e modificados polo Real Decreto 429/1999, do 12 de marzo e Real Decreto 861/2003, do 4 de xullo).

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que o COETAAC é unha corporación "... de dereito público, amparados pola Lei e recoñecidos polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. O seu funcionamento e estrutura interna serán democráticos" (Art. 1 EE.XX.). Son os seus fins e funcións os (establecidos no artº. 4 dos mencionados EE.XX.) que seguidamente se detallan:

"Exercer, no seu ámbito territorial, cantas funcións asígnelles a lexislación sobre Colexios Profesionais, e en particular, as seguintes:

a) Asesoramento e cooperación, en materia da súa competencia, cos Organismos do Estado, das Comunidades Autónomas e provinciais, Administración de Xustiza, Corporacións Locais, entidades ou persoas particulares e cos colexiados, e exercer cantas funcións lle sexan encomendadas polas Administracións públicas relacionadas cos fins que lles son propios.

b) Participar nos Consellos ou Organismos consultivos das Administracións públicas na materia da súa



competencia e propoñer a adopción de cantas medidas considérense convenientes para o desenvolvemento e perfeccionamento da profesión, suxerindo as disposicións legais necesarias para tales fins.

...

d) Impulsar e contribuír ao progreso das técnicas propias da profesión, ao desenvolvemento dos labores científicos, culturais e sociais relacionadas coa agricultura e o establecemento de cantas normas tendan a incrementar a eficacia dos colexiados no desenvolvemento dos seus fins.

...

f) Ostentar no seu ámbito a representación e defensa da profesión e dos colexios ante as Administracións públicas, institucións, tribunais, entidades e particulares, coa lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten aos intereses profesionais en defensa dos seus dereitos..., así como exercer o dereito de petición conforme á Lei.

...

h) Hermanar aos colexiados, inculcándolles sentimentos corporativos de todo orde tendentes ao ben recíproco, velando por que observen intachable conduta respecto de autoridades, compañeiros e nas súas relacións profesionais,.... O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración ás Leis sobre Defensa da Competencia....

...

i) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencia e de previsión e outros análogos, provendo ao sostemento económico mediante os medios necesarios.

...

p) Organizar, no seu caso, cursos para a formación profesional dos posgraduados.

...

u) Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses dos colexiados.”

CUARTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a EGAP e COETAAC, é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e de organización de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Actuacións.

A EGAP e COETAAC, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.



As modalidades de colaboración poderán consistir en:

- a Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- b Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- c Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- d Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora da acción formativa.

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG do 3 de decembro) as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

- A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.
- C. Programa e número de horas lectivas.
- D. Lugar, data e horario de realización.
- E. Sistema de avaliación do alumnado.
- F. Criterios de selección que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.
- G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.
- H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.
- I. Remitir, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria-resumo que faga referencia aos seguintes aspectos

- a. Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.
- b. Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase a EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.
- c. Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos participantes.



2. Indicación do prazo de matrícula antes do comezo da acción formativa. Os alumnos deberán matricularse na área de matrícula da EGAP <http://egap.xunta.es/matricula>.
3. Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.
4. Publicar no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa.
5. Aquelas actividades, que en execución deste convenio, convoque a entidade promotora e que impliquen o pago dunha matrícula; un 25% do recadado, en concepto de gastos de xestión, corresponderá á EGAP como entidade colaboradora na organización da actividade.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da Secretaría Xeral e un Xefe o Xefa de Servizo da mesma que designe a súa Directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte do COETAAC, o seu Presidente, [REDACTED] e o seu Secretario, [REDACTED] ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento.

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e do COETAAC.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.



OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

DÉCIMA.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2017, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

Polo COETAAC,

Este convenio foi asinado por ambas partes o día 4 de xaneiro do ano 2017